

DATOS DO CENTRO

Nome do centro	Eduard Munch
Páxina web	https://edvardmunch.vgs.no/
Dirección	Ullevålsveien 5, 0165 Oslo
Teléfono	+ 47 2 22 60 65 00
Correo electrónico	postmottak@osloskolen.no



INTERCAMBIO

	Duración	Nº participantes	Nivel educativo	Idade
	Curto:			
X	Longo: 3 semanas	4-6	1º Bacharelato	15/16 anos

BREVE DESCRICIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

O instituto Eduard Munch (**Edvard Munch videregående skole**) abriu as súas portas no ano 2016. Está ubicado no centro de Oslo, nun magnífico edificio que anteriormente ocupou a Escola Nacional de Artesanía e Deseño. Ofrece estudos de especialización en arquitectura, deseño e arte, con especialidades en música, baile e artesanía, deseño e desenvolvemento de produtos.

O instituto potencia o talento e a creatividade dándolle moita autonomía ao alumnado para que poida explorar os seus campos de interés. Neste senso, destacan os seus proxectos de Tecnoloxía e teoría da investigación, que teñen como finalidade que os estudantes exploren a tecnoloxía dentro dos seus propios campos de interese e nas áreas do programa ciencia, música e arte, deseño e arquitectura. Este instituto busca desenvolver un ambiente escolar ambicioso e creativo que inspire unha aprendizaxe comprometida.